

## **Colección: Fondo: Lois Tobío no seu arquivo persoal**

**Ficha documental da epistola de Luis Bouza-Brey, a Lois Tobío Fernández**

**Colección:**

**De:**

Luis Bouza-Brey;

**Para:**

Lois Tobío Fernández;

**Orixe:**

Calvo Sotelo, 14-1º (de enderezo), Vilagarcía de Arousa (municipal), O Salnés (comarcal)

**Destino:**

Madrid (local), Madrid (provincial), Madrid (de comunidade autónoma)

**Ficha descriptiva:**

[Carta manuscrita con sinatura autógrafa e con membrete profesional: ABOGADO]

**Mencionados:**

Conde de Gondomar; Francisco Vales Villamarín;

**Notas do editor:**

Carta de dúas páxinas.



[VER O DOCUMENTO ORIXINAL](#)

---

## **Transcripción da epistola de Luis Bouza-Brey, a Lois Tobío Fernández**

Luis Bouza-Brey Trillo  
ABOGADO  
Villagarcía de Arosa

Calvo Sotelo, 14-1º  
Teléfono: 139

Sr. D. Luis Tobío Fdez.  
Madrid.

Meu querido Luis:

Nunha enxoiña mención de un pequeno opúsculo que me manda Francisco Vales Villamarín, segretario da R. Academia Galega, acho o seguinte:

"Antonio Castro e Andrade... primeiro procurador en Cortes polo reino de Galicia dempois de concesión de Felipe IV... que fora conseguida polas persistentes xestións...de ele mesmo, coa valiosísima colaboración de Frei Antonio de Soutomaior, confesor da Real Familia e arcebispo de Damasco, e de D. Diego Sarmiento de Acuña, conde de Gondomar. A destacada intervención do noso compatriota neste transcendental asunto encontrábase perfectamente reflexada nos libros de Acordos dos concellos de Betanzos e da Cruña, así como nos da Xunta do Reino, correspondentes, uns e outros, a aquela época".

Como hai esa mención do Conde de Gondomar e parece ser que neses libros de acordos cítaselle de algunha maneira e o motivo podeche servir pra o que estás a facer acordeime de ti, pra che mandar esta carta e pra que te poñas en contacto con Vales Villamarín para que che suministre datos mais concretos.

Lembranzas á túa dona, Constanciña e rapaz e pra ti unha forte aperta de teu vello amigo

Luis Bouza-Brey [sinatura autógrafa]

O fascículo de Vales titúlase "Heráldica Galega - II" "Brasón do Pazo de Lanzós"

A dirección de ele é: Academia Galega.- Palacio Municipal.- Coruña-

---

## **Aviso legal do Consello da Cultura Galega**

*A difusión dixital deste epistolario e os seus contidos, textos e calquera creación intelectual existente nesta edición están protexidos pola lexislación en materia de propiedade intelectual.*

*De conformidade co previsto na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, sobre protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, quen entenda que os contidos deste epistolario poidan supor unha intromisión ilexítima nos seus dereitos deberá poñelo en coñecemento do Consello da Cultura Galega a fin de adoptar, de ser o caso, as medidas oportunas.*

*O acceso e uso da edición dixital do Epistolario implica o coñecemento e plena aceptación destas condicións.*

### **Colección "Fondo Fundación Luís Seoane":**

*A difusión dixital deste epistolario realízase ao abeiro do convenio suscrito polo Consello da Cultura Galega e pola Fundación Luís Seoane con data 4 de decembro de 2008, polo que ambas as dúas institucións comparten a súa titularidade.*

*A Fundación Luís Seoane, como única depositaria do legado deste persoeiro galego, é a propietaria das cartas deste epistolario, que está integrado tanto pola correspondencia recibida por Luís Seoane como pola remitida por el a outros destinatarios.*

### **Consultas e colaboracións:**

Se posúes ou coñeces a existencia de fondos epistolares ou se consideras algunha suxestión sobre as cartas agradecemos a túa colaboración en [epistolarios@consellodacultura.gal](mailto:epistolarios@consellodacultura.gal) ou no teléfono 981957208.